XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Consello Económico e Social de Galicia (CES)

Asunto: **Informe sobre a implantación das organizacións profesionais agrarias en Galicia**

O día 20.10.2025 o CES solicitou a esta Secretaría Xeral Técnica a emisión dun informe sobre a implantación das organizacións profesionais agrarias en Galicia, tendo en consideración o previsto no artigo 7.2.a) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o CES en Galicia.

Respecto da normativa citada polo CES na súa petición, o artigo 7.2.a) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o CES en Galicia prevé:

"2. Os membros do Consello indicados na letra d) anterior serán propostos, en cada caso, polos órganos e entidades que a continuación se indican:

a) Sector agrario: polas organizacións profesionais con maior implantación no sector en Galicia".

A letra d) referida no artigo 7.2.a) establece:

"d) Doce membros coa seguinte distribución: catro representantes do sector agrario, dous do sector marítimo-pesqueiro (un da pesca de baixura e outro do marisqueo), un representante da economía social, dous representantes das persoas usuarias e consumidoras e tres representantes das universidades de Galicia.
O Consello estará asistido por unha secretaría, que actuará con voz pero sen voto".

En relación co anterior INFORMO:

1 Que, segundo os antecedentes que obran nos arquivos da Consellería do Medio Rural, nas eleccións a cámaras agrarias celebradas o 26 de maio de 2002 (últimas eleccións celebradas) a **Organización Profesional Agraria Sindicato Labrego Galego – Comisión Labregas (SLG – CC.LL.)** obtivo a consideración, entre outras, de organización agraria máis representativa para efectos desta Administración autonómica, alcanzando unha porcentaxe de votos superior ao 15%, de acordo á lexislación vixente.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio administrativo núm. 1 de San Caetano, 1ª planta
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
sxt.medio-rural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: TLdwajGswJ1 https://sede.xunta.gal/cve

En relación co anterior, a Disposición Transitoria Única da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego prevé:

"Para os efectos do disposto no apartado e) do artigo 4, e en tanto non sexan convocados novos procesos electorais, terán a consideración de organizacións agrarias máis representativas aquelas que concorreron ás eleccións a cámaras agrarias celebradas o 26 de maio de 2002 e alcanzaron unha porcentaxe de votos superior ao 15 por 100, ...".

De acordo co anterior, tras a celebración do último proceso de votación vixente, e conforme os datos resultantes, facilítase a información co seguinte detalle:

ORGANIZACIÓN PROFESIONAL AGRARIA	VOTOS TOTALES EMITIDOS	VOTOS OBTENIDOS	% VOTOS OBTENIDOS SOBRE OS EMITIDOS	CENSO TOTAL
Sindicato Labrego Galego – Comisión Labregas (SLG – CC.LL.)	39.901	9.924	24,87 %	70.559

2 Que, segundo os antecedentes que obran nos arquivos da Consellería do Medio Rural, nas eleccións a cámaras agrarias celebradas o 26 de maio de 2002 (últimas eleccións celebradas) a **Organización Profesional Agraria Unións Agrarias -UPA** obtivo a consideración, entre outras, de organización agraria máis representativa para efectos desta Administración autonómica, por alcanzar unha porcentaxe de votos superior ao 15%, de acordo coa lexislación vixente.

En relación co anterior, a Disposición Transitoria Única da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego prevé:

"Para os efectos do disposto no apartado e) do artigo 4, e en tanto non sexan convocados novos procesos electorais, terán a consideración de organizacións agrarias máis representativas aquelas que concorreron ás eleccións a cámaras agrarias celebradas o 26 de maio de 2002 e alcanzaron unha porcentaxe de votos superior ao 15 por 100, ...".

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: TLdwajlGswJ1 https://sede.xunta.gal/cve

De acordo co anterior, tras a celebración do último proceso de votación vixente, e conforme os datos resultantes, facilítase a información co seguinte detalle:

ORGANIZACIÓN PROFESIONAL AGRARIA	VOTOS TOTALES EMITIDOS	VOTOS OBTENIDOS	% VOTOS OBTENIDOS SOBRE OS EMITIDOS	CENSO TOTAL
Unións Agrarias - UPA	39.901	10.816	27,10 %	70.559

3 Que **a Asociación Agraria de Galicia – ASAGA** ten participación institucional no Consello Agrario de Galicia, que é o órgano permanente de participación, asesoramento, diálogo e consulta da Administración galega en materia agraria e desenvolvemento rural, e que está adscrito á Consellería do Medio Rural (artigo 1 da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego).

Esta participación materialízase con integración no Consello Agrario de Galicia, en calidade de membros, de 4 vogais, en representación de ASAGA.

Esta participación adquiriuna ASAGA por ser considerada na actualidade a asociación con maior representatividade no conxunto do sector primario galego, por conseguir o maior número de representantes nas últimas eleccións a consellos reguladores de Galicia, que foron convocadas mediante Orde do 7 de novembro de 2022 (DOG, núm. 214, de 10.11.2022), todo iso en aplicación dos disposto no artigo 4.1.f) de Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego, que prevé:

"f) Catro vocais en representación da asociación con maior representatividade no conxunto do sector primario galego. Para estes efectos, considerarase como tal a asociación que conseguise o maior número de representantes nas últimas eleccións aos consellos reguladores de Galicia".

Sen prexuízo do anterior, o día 24.02.2025 o secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditou unha resolución pola que se procede ao depósito na oficina pública de depósito de estatutos de asociacións sindicais e empresariais, e posterior publicación no Diario Oficial de Galicia da modificación dos Estatutos da Asociación Agraria de Galicia, co número 20130. Nestes novos estatutos consta a súa transformación en Organización Profesional Agraria sen ánimo de lucro de base asociativa, ao amparo da Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical e o Real decreto 416/2015, do 29 de maio, sobre depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: TLdwajlGswJ1 https://sede.xunta.gal/cve

De acordo con todo o anterior, informo a ese Consello que actualmente considérase que as organizacións profesionais con maior implantación no sector en Galicia son as que 3 seguintes:

- Organización Profesional Agraria Sindicato Labrego Galego – Comisión Labregas (SLG – CC.LL.).

- Unións Agrarias -UPA

- Asociación Agraria de Galicia – ASAGA

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

O secretario xeral técnico
Jorge Atán Castro

Asinado por: ATAN CASTRO, JORGE
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 23/10/2025 12:03:16

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: TLdwajlGswJ1 https://sede.xunta.gal/cve